



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**ASISTENTES:**

AFONSO ROLÁN, BRAIS  
ALBA CASTRO, JOSÉ LUIS  
ALÉN GONZÁLEZ, M<sup>a</sup>. ELISA  
ALONSO GONZÁLEZ, ÁNGEL  
ÁLVAREZ DA COSTA, ESTRELLA  
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ ÁNGEL  
AMARO PINTOS, ROMÁN  
ANEIROS PEREIRA, JAIME  
ARDID DE CABO, ANA  
BADAUI FERNÁNDEZ, AÍDA  
BARAJAS ALONSO, ÁNGEL ANTONIO  
BARCIA RODRÍGUEZ, IGNACIO  
BARREIRO ALONSO, ENRIQUE  
BARREIRO RODRÍGUEZ, ROCÍO  
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID  
BERGARECHE GROS, ALMUDENA  
BERMEJO ARRIETA, NATIVIDAD  
BLANCO ARAGÓN, FRANCISCO  
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA  
BLANCO SIERRA, JAVIER  
BRAVO BERNÁRDEZ, JORGE  
BUENO ALONSO, JORGE LUIS  
CABALLERO RÚA, ARMANDO  
CABELLO PÉREZ, M<sup>a</sup>. PALOMA  
CABEZA PEREIRO, JAIME  
CALVO RUBIAL, NATIVIDAD  
CARBALLO GONZÁLEZ, ÁNGELES  
CASTRO BOGA, DAVID  
CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL  
CID RODRÍGUEZ, TANIA  
COMESAÑA GONZÁLEZ, BRAIS  
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA  
CURRÁS VALLE, CONSUELO  
DE LORENZO RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> EDITA  
DE LOS BUEIS MELLADO, JORGE  
DE OCA CANCELTA, GUILLERMO  
DÍAZ GONZÁLEZ, ILDEFONSO  
DOCAMPO PARENTE, JERÓNIMO  
DOMÍNGUEZ CASTRO, LUÍS  
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, HERMINIA  
DOMÍNGUEZ GROBA, HUGO  
DOVAL RUÍZ, MARÍA ISABEL  
ENRÍQUEZ SALIDO, M<sup>a</sup>. DEL CARMEN  
ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA  
FALAGÁN MOTA, JORGE  
FARIÑAS GARROTE, BEATRIZ  
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO ALBERTO  
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL  
FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO JAVIER  
FERNÁNDEZ RIVEROLA, FLORENTINO  
FERNÁNDEZ SOUTO, ANA BELÉN  
FERNÁNDEZ VILA, RODRIGO  
FERRO SOTO, CARLOS  
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO  
GALLEGO VEIGAS, PEDRO PABLO  
GARCÍA GIL, SOLEDAD  
GARCÍA GONZÁLEZ, MARTA  
GIL MARTÍN, EMILIO  
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M<sup>a</sup>

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo convocada para o día 24 de xullo de dous mil doce, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día **24 de xullo de 2012**, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2011.
2. Informe do Reitor.
3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre os anos 2010 e 2011.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento de profesorado.
5. Elección de representantes do estudantado na Mesa do Claustro Universitario.
6. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
  - Sector Decanos/Directores: 1
  - Sector PDI-B: 1
  - Sector estudantes: 8
7. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
  - Sector estudantes: 1
8. Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:
  - Sector PDI-B: 1
  - Sector estudantes: 3
9. Rogos e preguntas.

O reitor toma a palabra para comunicar que a Mesa do Claustro, na súa sesión de 10 de xullo, acordou que os procesos electorais previstos na orde do día deran comezo dende o inicio da sesión do Claustro, de modo que as urnas permanecerán abertas para que todos os claustrais poidan exercer o seu dereito de voto. Informa, que cando se aborden os puntos relativos ás eleccións, se darán 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaron o podan facer. Di, que rematados os 15 minutos se procederá ao recuento de votos, e seguidamente pasarase ao último punto da orde do día, que é rogos e preguntas.

GODOY MALVAR, EDUARDO  
 GÓMEZ MEIRE, SILVANA  
 GONZÁLEZ BELLO, MARCOS  
 GONZÁLEZ PÉREZ, MÓNICA  
 GONZÁLEZ PILLADO, ESTHER Mª.  
 GONZÁLEZ PIÑEIRO, LUIS  
 GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA  
 GRANDE SEARA, PABLO  
 GUERRERO SACO, ALEJANDRO  
 GUTIERREZ NIETO, MANUEL  
 HERNÁNDEZ MARTÍN, PRIMO  
 HURTADO DE MENDOZA POMBO, DIEGO  
 IGLESIAS BRIONES, MARÍA JESÚS  
 LAMEIRAS FERNÁNDEZ, MARÍA  
 LLAMAS NISTAL, MARTÍN  
 LONGO GONZÁLEZ, Mª. ASUNCIÓN  
 LOVEIRA PAZÓ, ROSA Mª  
 MANDAYO FERNÁNDEZ, LORENZO  
 MARTÍN ORTEGA, ELENA BEATRIZ  
 MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO  
 MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS  
 MÍGUEZ FERNÁNDEZ, PABLO  
 MORÁN MARTÍNEZ, Mª PALOMA  
 MOURE RODRÍGUEZ, MARÍA JOSÉ  
 MOURE VARELA, ANDRÉS  
 MUÑOZ DUEÑAS, Mª DEL PILAR  
 MUÑOZ LÓPEZ, LUÍS  
 OLIVEIRA MERINO, PURIFICACIÓN  
 ORGE ÁLVAREZ, BEATRIZ P.  
 OUTERELO PÉREZ, ALEJANDRO  
 PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO  
 PALACIO SÁNCHEZ, XOSÉ ANTONIO  
 PATO RODRÍGUEZ, SANTIAGO EDUARDO  
 PAZÓ MARTÍNEZ, Mª CONSUELO  
 PEREIRA DOMÍNGUEZ, ALEJANDRO  
 PÉREZ COTA, MANUEL  
 PÉREZ DIZ, ÁNGEL EDUARDO  
 PÉREZ GÓMEZ, LUÍS  
 PÉREZ RODRÍGUEZ, MARÍA ROSA  
 PINO JUSTE, MARGARITA R.  
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
 QUINTÁS CORREDOIRA, Mª. ANGELES  
 RAMA MARTÍNEZ, Mª ESPERANZA  
 RAMOS CABRER, MANUEL  
 REY GARCÍA, DANIEL  
 REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS  
 RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO  
 RODRÍGUEZ LESTÓN, ROBERTO  
 RODRÍGUEZ MÉNDEZ, MIGUEL ENRIQUE  
 ROMO PÉREZ, VICENTE  
 SÁEZ OCEJO, JOSÉ LUIS  
 SÁNCHEZ BELLO, PATRICIO ALFREDO  
 SÁNCHEZ GONZÁLEZ, ANDRÉS  
 SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA  
 SUÁREZ FERNÁNDEZ, RUBÉN  
 SURIS REGUEIRO, JUAN CARLOS  
 TUGORES MARTORELL, FRANCISCO  
 VALDERRAMA SANTOMÉ, MÓNICA  
 VALDÉS PEÑA, MARÍA DOLORES  
 VALEIJE ÁLVAREZ, Mª. INMACULADA  
 VALLEJO POUSADA, RAFAEL  
 VAQUERO DÍAZ, Mª. BEATRIZ  
 VÁZQUEZ DORRÍO, JOSÉ BENITO  
 VÁZQUEZ GARCÍA, ANTONIO  
 VÁZQUEZ LÓPEZ, EZEQUIEL M.  
 VÁZQUEZ VÁZQUEZ, DIEGO  
 VELEIRO PINAL, IVÁN  
 VILA ALONSO, Mª DE LAS MERCEDES  
**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**  
 BORRAJO BASTERO, JOSUÉ  
 FERNÁNDEZ FUSTES, Mª DOLORES  
 NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL A.  
 ROMERO GONZÁLEZ, RUBÉN  
 VERA ISASA, MARÍA

Tamén informa que, de acordo co establecido no art. 16.1 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, a Mesa decidiu fixar o tempo de debate; polo que, no que refire ao informe do reitor, respecto ás preguntas, acordouse que se fagan no punto 9 da orde do día, relativo a rogos e preguntas; respecto ás quendas de intervencións no punto 3 da orde do día, sobre aprobación do Regulamento de profesorado, acordouse conceder á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións unha quenda de 15 minutos para facer a presentación do texto; seguidamente, se concederá ao representante dos claustrais que presentaron alegacións no prazo establecido, unha quenda de 3 minutos para expoñer as emendas ao articulado e 3 minutos para defender a inclusión das disposicións, cun tempo de 5 minutos para facer a defensa e unha quenda de 2 minutos para as réplicas e contrarréplicas, cun máximo de dúas intervencións. Despois procederáse á votación.

Seguidamente, o reitor dá conta dos distintos procedementos electorais que se recollen nos puntos da orde do día:

1) Eleccións a representantes do estudantado na Mesa do Claustro Universitario. Hai 2 postos vacantes; só poden votar os estudantes; cada estudante votará un máximo de 1 candidato-a. As papeletas para exercer o dereito de voto son de cor amarelo.

2) Eleccións a representantes de decanos-as/directores-as no Consello de Goberno. Hai 1 posto vacante; poderán votar todos os claustrais; cada claustral votará un máximo de 1 candidato-a. As papeletas para exercer o dereito de voto son de cor branco.

3) Eleccións a representantes do estudantado no Consello de Goberno. Hai 8 postos vacantes; só pode votar o estudantado; cada estudante só poderá dar o seu voto, como máximo, ao 70% do estudantado que pode ser elixido, é dicir, a 8, e de acordo coas “Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno”, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas dun dos xéneros, polo que só poderán votar, como máximo, a 3 de cada xénero. As papeletas son de cor azul.

4) Eleccións a representantes do estudantado no Tribunal de Garantías. Hai 1 posto vacante; só poderá votar o estudantado; cada estudante claustal votará, como máximo, a 1 candidato-a. As papeletas son de cor rosa.

5) Eleccións a representantes do estudantado na Comisión Electoral. Hai 3 postos vacantes; só poderá votar o estudantado claustal; o estudantado votará un máximo de 2 candidatos-as dos incluídos na lista do sector e, de acordo coas “Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno”, cada elector ou electora poderá dar o seu voto, como máximo, a 1 representante dun xénero. As papeletas son de cor verde.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2011.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen di que, tendo en conta o procedemento establecido no art. 20 do Regulamento de réxime interno do Claustro e que non se presentou ningunha emenda á acta, propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

O reitor comeza dando a benvida aos novos representantes do estudantado no Claustro. Seguidamente, di que o informe dá conta dos feitos máis importantes acontecidos durante o primeiro semestre de 2012 e das actuacións futuras que, conxuntamente co equipo de goberno, está a levar a cabo.

1º). Respecto da convocatoria de novas prazas na Universidade de Vigo: nos mesmos termos expostos no informe presentado no Consello de Goberno do pasado venres día 20, expresa o rexeitamento do goberno da Universidade de Vigo ás medidas de recorte que nos últimos meses están a sufrir as universidades públicas. Manifesta que as medidas non teñen en conta a situación individual (financeira) de cada institución. Destaca que a Universidade de Vigo, no marco do plan de financiamento en vigor e coa traxectoria mantida ata este momento, é quen de manter a calidade académica á que nos debemos, respectando o seu carácter de servizo público, dignificando o labor dos seus traballadores e mantendo as súas expectativas laborais. Di que os recortes e restricións que nos veñen impostos, desvíannos destes obxectivos e contarán coa firme oposición do reitor e do seu equipo en todos os foros onde poidamos expresarnos ou mesas onde poidamos negociar.

A continuación pasa a dar conta da situación en que se atopa a Universidade de Vigo, con relación ás convocatorias de prazas, como consecuencia das novas leis e decretos aprobados polo goberno central.

Di que a Lei 2/2012, do 29 de xuño de 2012, de orzamentos xerais do Estado, indica no seu artigo 23 que non se incorporará novo persoal durante o ano 2012. No apartado 1 dese artigo 23 indícase que, excepcionalmente no caso de corpos de persoal investigador das universidades,

se fixa unha taxa de reposición do 10%, sempre que por parte das administracións públicas das que dependan se autorice nas correspondentes convocatorias, tras a acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Quedan excluídas as prazas derivadas da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

Di que no apartado 2, do mesmo artigo 23, se indica que durante o ano 2012 non se contratará persoal temporal, nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionariado interino, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables; que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Informa, que un ditame do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, do 6 de maio, establece que lles corresponde ás comunidades autónomas a planificación e ordenación dos recursos humanos e, en consecuencia, a definición no seu ámbito dos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarias ou afecten ao funcionamento dos seus servizos públicos esenciais.

Continúa dicindo que, por outra banda, con data do 2 de xullo de 2012 o Ministerio de Educación elaborou unha nota sobre o réxime de dedicación do profesorado universitario, como resultado da comisión formada polo propio Ministerio e representantes da CRUE, para detallar o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril. Nesta nota aclaratoria, se indica que a dedicación xeral do PDI é de 24 ECTS e que as universidades, atendendo a súa capacidade de autoxestión, poden modificar esta dedicación en función da súa intensificación docente ou investigadora.

O reitor informa do feito suficientemente coñecido, por canto foi publicado en todos os medios de comunicación, de que varias universidades españolas recibiron nos últimos días unha comunicación do Ministerio de Facenda, que anunciaba a súa intención de interpoñer no prazo dun mes recursos contencioso-administrativos contra as resolucións publicadas no BOE de convocatorias de prazas de funcionarios dos corpos docentes. A este respecto, o reitor informa que a Universidade de Vigo non recibiu ningunha comunicación deste tipo, e que, neste momento, non existe ningunha convocatoria no BOE desta universidade pendente de resolución.

O reitor adianta que como consecuencia de todo o anterior, a Universidade de Vigo non contratará novo persoal mentres non se reciban respostas ás preguntas presentadas á Xunta de Galicia e aos correspondentes ministerios do goberno central. As actuacións que se deban desenvolver, estableceranse no seu momento en función das respostas recibidas e das negociacións que sexa preciso establecer.

O reitor expón que despois do verán, e de cara ao segundo cuatrimestre do curso 2012/2013, se reformarán os POD dos departamentos, no sentido de incorporar a nova dedicación á docencia do profesorado. Con este fin, se modificarán ou elaborarán as normativas necesarias que serán aprobadas nos órganos correspondentes. O reitor remata este apartado dicindo que, respecto ao tema das convocatorias das prazas de profesorado, a súa intención é acatar por imperativo legal a lexislación estatal e autonómica, sen renunciar ao diálogo e ás negociacións que sexan necesarias para garantir a calidade da docencia e da actividade académica no seu conxunto, salvagardando a autonomía universitaria e os dereitos individuais do persoal da Universidade de Vigo.

2º). Respecto da reorganización do posgrao, o reitor informa que o novo marco normativo estrutura as ensinanzas universitarias en tres ciclos: grao, máster e doutoramento; que no novo decreto de doutoramento se define o doutoramento como o terceiro ciclo dos estudos universitarios, diferenciado do máster; e se indica que todos os programas de doutoramento xa verificados, deben estar adaptados ao novo modelo antes do inicio do curso 2013/14. Expón, que a partir do curso académico 2013/14 o máster ten que entenderse como o segundo ciclo dos estudos universitarios, e constitúe o requisito para acceder aos estudos de doutoramento, desaparecendo a distinción entre máster profesionalizante e de investigación.

Por outra banda e respecto ao decreto autonómico de titulacións, o reitor di que:

- Establece novos procedementos e requisitos para a solicitude e impartición de titulacións.
- Esixe un número mínimo de 20 alumnos de novo ingreso en calquera máster.
- Fixa o 14 de novembro como data límite de presentación de propostas para a implantación no curso seguinte.

Di que para o curso 2012/13 se ofertan na Universidade de Vigo 77 titulacións de máster: 43 dos chamados máster de investigación; 30 profesionalizantes; e 4 correspondentes a profesións reguladas. Segundo o exposto, ademais da obrigada adaptación normativa a realizar durante os cursos académicos 2011/12 e 2012/13, tamén é o momento de facer unha análise, avaliación e reorganización da oferta actual dos estudos de posgrao. O reitor destaca que a entrada en vigor do decreto que regula os estudos de doutoramento, obriga a adaptar os programas de doutoramento á nova normativa e, por outra banda, aconsella revisar e, de ser o caso, modificar a oferta de titulacións de máster. Sinala, que neste proceso de adaptación da oferta de estudos de máster e de doutoramento os obxectivos a acadar son os seguintes:

- Contar con programas de máster fortes, cunha alta eficiencia de matrícula.
- Potenciar o agrupamento (temático ou interdisciplinar).
- Fomentar a internacionalización.
- Fomentar a participación de organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i no desenvolvemento dos programas.
- Deseñar unha oferta de programas de doutoramento susceptibles de cumprir a corto ou medio prazo os requisitos da mención cara á excelencia.
- Deseñar un contrato-programa de bolsa de recoñecemento en POD, para a que se utilizarán como parámetros esenciais o número de teses defendidas e os resultados na avaliación do programa en convocatorias de calidade ou excelencia.

Adianta que algunhas accións xa foron iniciadas:

- A vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, organizou xuntanzas informativas no mes de maio por campus e ámbito para explicar o proceso de reorganización da oferta académica de posgrao.
- No Consello de Goberno, de 24 de maio, foron aprobados os criterios e procedemento para aprobación de propostas de máster e de doutoramento. Para os másteres que resulten da reorganización dos másteres de investigación, foron aprobados porcentaxes mínimos de créditos obrigatorios e foron fixadas as porcentaxes de presencialidade. Aprobáronse os criterios para o cálculo de horas de

encargo docente (PDA) e para o cómputo en POD. Acordouse non implantar novas propostas de máster no curso 2012/13, agás en situacións moi excepcionais.

- No Consello de Goberno, de 20 de xullo, foi aprobado o novo Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. Este regulamento, adaptado á nova lexislación estatal, é froito dun acordo das tres universidades do Sistema Universitario Galego e pretende ter unha regulación unitaria nos aspectos de xestión académica e de desenvolvemento dos programas de doutoramento.

3º). O reitor di que no futuro inmediato a acción máis salientable é a creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo, no ano 2013. A Escola (ou escolas) de Doutoramento da Universidade de Vigo asumirá a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento.

Na opinión do reitor, a principal finalidade da nova institución será desenvolver un modelo de formación doutoral flexible, interdisciplinar e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e á proxección da Universidade. A tal efecto, e de acordo co establecido no Real decreto de doutoramento, a Escola de Doutoramento contará cun Comité de Dirección, do que formarán parte o Director da Escola, os coordinadores dos programas de doutoramento, representantes dos másteres integrados na Escola e representantes das entidades colaboradoras. A estrutura e competencias da Escola de Doutoramento definiranse no acordo de creación que aprobará o Consello de Goberno.

Igualmente, di que nos termos que se establezan na futura Lei do Sistema Universitario de Galicia, que está a punto de iniciar a fase de tramitación parlamentaria, se iniciará o deseño de centros de posgraos na Universidade de Vigo. Respecto a este proxecto de lei, o reitor di que foi redactado durante os últimos meses; que, en varios momentos ao longo do proceso, tivemos a oportunidade de participar aportando suxestións ao texto. Considerando que moitas destas achegas foron incorporadas ao texto final do anteproxecto, votamos favorablemente ao mesmo no Consello Galego de Universidades do 28 de marzo.

4º). Respecto das taxas de matrícula, o reitor di que ven de publicarse, o pasado día 16 de xullo, o decreto que regula os prezos públicos correspondentes aos estudos universitarios en Galicia. Que, neste decreto mantense o prezo das taxas en primeira matrícula dos graos, mentres que a subida recollida no decreto do Ministerio de Educación para as matrículas sucesivas se implantará ao longo de 3 cursos académicos. Respecto dos másteres, diferénciase a situación de aqueles que habilitan para a profesión, cuxas taxas non soben, e outros másteres que soben entre un 5 e un 7%.

5º). Respecto do Campus do Mar, resume as actuacións máis salientables do ano 2012:

- No mes de xaneiro constituíuse a rede CEI.MARNET para coordinar os campus de excelencia mariños en España.
- Xa está prestando servizos o campus dixital do mar.
- No programa de internacionalización mantivéronse contactos en Brasil, China e México.
- Xa están deseñadas as liñas estratéxicas e prioritarias do programa de clústeres de I+D.

- No programa de captación de talento o máis destacado é a avaliación positiva obtida no programa COFUND, que permitirá a incorporación de 10 investigadores posdoctorais durante 48 meses.
- No programa de proxección social estanse a desenvolver as actividades da acción que denominamos “Mergúllate”, e continuamos coa acción Campus Mar Life.

6º). O reitor di que nos últimos meses constituíronse as conferencias CRUNO e CRUSOE, que agrupan respectivamente aos reitores das universidades do noroeste do estado español e do suroeste de Europa. Ambas conferencias, reuníronse na Universidade de Vigo o pasado 14 de xuño como primeiro paso para as colaboracións que, en diversas materias, se pretenden abordar. Estas inclúen, esencialmente, as liñas estratéxicas: saúde; sector primario; auga, mar e continente; enerxía sostible; e cooperación interrexional e desenvolvemento.

### **Punto 3.** Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre os anos 2010 e 2011.

O reitor cede a palabra ao presidente do Tribunal de Garantías, o Prof. Argimiro Rojo, quen presenta o informe dos anos 2010 e 2011. Expón que o documento abarca un período de dous anos ao non terse presentado o correspondente ao 2010, e recolle actividades nas que os actuais membros do tribunal apenas participaron, xa que este órgano non se constituíu formalmente ata o pasado mes de decembro. Seguidamente dá lectura ao informe que se recolle no **Anexo I**.

Rematada a exposición do informe, o presidente dá lectura a un comunicado dos defensores universitarios españois para expresar publicamente a súa preocupación en relación ao proceso de reformas emprendidas polo Goberno, e que afectan ao ámbito universitario e, en especial, ao modelo de universidade pública.

O presidente do Tribunal de Garantías remata a súa intervención dicindo que as emerxencias que afectan ao país, e que esixen urxentes reformas, axustes e recortes, en modo algún poden xustificar a quebra da autonomía universitaria ou do autogoberno das comunidades autónomas.

### **Punto 4.** Aprobación, se procede, do Regulamento de profesorado.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza expoñendo as razóns que levaron a adoptar un novo Regulamento de profesorado. Ao seu xuízo, unha finalidade esencial é dotarse dun texto flexible con vocación de permanecer no tempo, que permita adaptarse ás novas normativas de rango superior, tanto estatais como autonómicas. A título de exemplo cita o borrador do proxecto de Lei de universidades galegas.

A continuación, do texto presentado destaca expresamente os seguintes aspectos:

1º). Compoñentes da actividade investigadora: a vicerreitora sinala que no art. 2 se define a actividade do profesorado segundo corresponda á súa categoría, e que comprende a realización de funcións docentes, de investigación, de innovación, de transferencia e divulgación de coñecemento, así como complementariamente de goberno, dirección, representación e xestión.

2º). Que, de acordo co establecido no parágrafo 6, a actividade académica anual de cada membro do PDI quedará reflectida no Plan de Dedicación Académica Anual (PDAI), e que para tal fin, a universidade establecerá normas para o recoñecemento de actividades do PDI dentro dos compoñentes anteriormente citados.

3º). Que o art. 4 sinala que para o PDI a tempo completo con plena capacidade investigadora e docente, tenderase ao equilibrio entre o tempo dedicado ás distintas actividades. No texto indícase que poden existir criterios de intensificación da actividade de profesorado en tarefas investigadoras ou docentes, derivadas da lexislación vixente e das normas que poida establecer o Consello de Goberno.

4º). Que o cómputo da carga docente básica dunha titulación, será establecido plurianualmente polo Consello de Goberno e fundamentarase no número de estudantes e créditos matriculados; tamén di que para a elaboración dos cadros de profesorado con vinculación permanente, terase en conta a carga docente básica nos termos que acorde o Consello de Goberno.

5º). Explica o contido do artigo 5.1, en relación ao Plan docente anual e ao Plan de organización docente.

6º). Mobilidade do PDI: di que o art. 24 establece que a universidade poderá crear mecanismos de mobilidade entre campus, no caso de que un departamento teña déficit entre a carga e a capacidade docente nun campus e superávit noutro.

7º). Carreira académica do PDI laboral de acordo co II Convenio colectivo para o persoal docente laboral e investigador das universidades galegas.

8º). Manteñense os programas especiais de promoción aos corpos de profesorado funcionario ou á figura de profesor contratado doutor.

Remata a súa intervención con agradecementos polas suxestións recibidas ao documento base nas mesas de negociación; manifesta que foron solicitados os informes técnicos pertinentes, pero que a versión final precisa ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística e o Servizo de Igualdade.

O reitor dá a palabra ao Prof. Jaime Cabeza, como representante do grupo de claustrais que presentan propostas alternativas (**Anexo II**) de mellora ao texto (emendas).

O Prof. Jaime Cabeza comeza a súa exposición pola defensa da proposta de modificación do art. 4.3; sinala que a proposta consiste en engadir a seguinte pasaxe: *“Terase en conta asemade a actividade investigadora en función dos resultados do PDI do departamento”*.

Xustifica a emenda porque os resultados de investigación dun grupo, medidos segundo a normativa que no futuro desenvolva o presente regulamento, tamén deben ser considerados na elaboración e actualización dos cadros de profesorado. Sinala que son partidarios de introducir este novo elemento definitorio, por canto é unha forma de premiar ao investigador polo seu traballo.

Continúa dicindo que, en relación ao art. 7, se solicita engadir un apartado 3, de modo que a redacción quedaría como segue: *“A universidade facilitará a contratación de axudantes*



*nos departamentos nos que, agás por circunstancias coxunturais, exista un exceso de carga docente suficiente en relación coa capacidade docente de PDI con vinculación permanente”.*

O Prof. Jaime Cabeza defende a súa inclusión, por canto a contratación de axudantes e axudantes doutores é un medio para garantir o reequilibrio entre os distintos ámbitos de coñecemento. Segundo as normas de POD, pode contratarse a un axudante cando hai unha carga consolidable de 240 horas. Propón eliminar o adxectivo consolidable, esixindo soamente a existencia de carga docente suficiente.

Co mesmo fin de fomento de reequilibrio entre ámbitos, propón a modificación do artigo 8.1 engadindo ao final do apartado 1 a seguinte expresión: *“A universidade facilitará a contratación de axudantes doutores nos departamentos nos que, agás por circunstancias coxunturais, exista un exceso de carga docente suficiente en relación coa capacidade docente de PDI con vinculación permanente”.*

A xustificación é que se trata de dinamizar as figuras de axudante e profesor axudante doutor, coa finalidade de que crezan os equilibrios entre unhas e outras áreas de coñecemento e de que se incremente a competitividade nos programas de promoción.

Continúa defendendo a inclusión de:

Unha Disposición adicional 4ª, cuxo texto di: *“No prazo máximo de 6 meses desde a aprobación do regulamento o Consello de Goberno aprobará a normativa prevista no art. 16.2”.*

Unha Disposición adicional 5ª: *“No prazo máximo de 18 meses deberá estar elaborada e aprobada polo Consello de Goberno a relación de postos de traballo prevista no artigo 4.4 deste regulamento”.*

E unha Disposición adicional 6ª: *“A máis tardar a trinta de xuño de 2013 se aprobará o primeiro programa plurianual previsto no artigo 6.3 deste regulamento”.*

Xustifica a inclusión das disposicións engadidas en que lle dan efectividade aos prazos e aos mandatos previstos no Regulamento, pois de non concretarse prazos é posible que queden relegadas no tempo.

O reitor cede a palabra, para a quenda de réplica, á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza dicindo que o texto foi discutido en tres xuntanzas.

Engade que non comparte a xustificación da emenda presentada ao art. 4.3, pola que se solicita que se inclúa a actividade investigadora como elemento definitorio dos cadros de profesorado. Entende que é un problema conceptual que mestura dous conceptos diversos: o indicador da carga docente básica utilízase para cómputo de persoal docente estable. Pódese discutir a modificación dos indicadores de CDB en determinadas titulacións e a intensificación pola dedicación investigadora, pero que polos méritos dun investigador ou dun grupo se incremente o cadro de profesorado estable parécelle contraditorio coa defensa do argumento de equilibrio do persoal entre os distintos ámbitos de coñecemento.

Continúa dicindo que, en relación á emenda proposta ao art. 7, non a comparte nin na forma nin no fondo. O art. 17, relativo ás novas prazas de profesorado, establece que os

departamentos poderán solicitar a convocatoria de prazas de axudante nos termos que establezan as normas de POD anualmente. Cada ano as normas de POD fixarán os requisitos para convocar as prazas de axudante. Polo que se refire á convocatoria de axudantes doutores, está ligada á carga docente básica; búscase garantir a carreira académica e o primeiro paso debe ser a figura do axudante doutor.

En relación á inclusión de novas disposicións adicionais, a vicerreitora di que é intención do equipo de goberno someter no menor prazo de tempo as normativas á aprobación do Consello de Goberno; pero que é preferible non asumir compromisos concretos, debido a que unha modificación das circunstancias económicas pode impedir manter compromisos; defende manter o texto tal e como foi presentado.

O reitor concede unha quenda de réplica ao Prof. Jaime Cabeza, quen di que a emenda do art. 4.3 non hai un erro de concepto; é unha proposta deliberada e reequilibradora. O elemento é reequilibrador e produce un incremento da calidade; na súa opinión, o texto non proporciona ningunha medida reequilibradora dos ámbitos de coñecemento. A única mostra de vontade neste sentido é a través da potenciación das figuras de axudante e axudante doutor. Hai departamentos que nunca teñen un excedente de carga docente básica consolidable.

Responde a vicerreitora que o que formula a emenda é que polos méritos dun grupo de investigación se creen novas prazas e, na súa opinión, esa función corresponde a plans de promoción, non a normas xerais.

Procédese á votación de cada emenda, o reitor explica o sistema de votación:

A favor do texto: papeleta de cor vermella.

A favor da emenda: papeleta de cor azul.

Abstención: papeletas de cor branco.

1º). Votación da 1ª emenda ao art. 4.3, que consiste en engadir a seguinte pasaxe: *“Terase en conta asemade a actividade investigadora en función dos resultados do PDI do departamento”*.

A favor do texto: 41 votos

A favor da emenda: 24 votos

Abstencións: 24 votos

Rexéitase a emenda ao art. 4.3 do Regulamento de profesorado por maioría de votos.

2º). Votación da emenda ao art. 7, pola que se solicita engadir un apartado 3, de modo que a redacción quedaría como segue: *“A universidade facilitará a contratación de axudantes nos departamentos nos que, agás por circunstancias conxunturais, exista un exceso de carga docente suficiente en relación coa capacidade docente de PDI con vinculación permanente”*. E, co mesmo fin, modificación do artigo 8.1. engadindo ao final do apartado 1 a seguinte expresión: *“A universidade facilitará a contratación de axudantes doutores nos departamentos nos que, agás por circunstancias conxunturais, exista un exceso de carga docente suficiente en relación coa capacidade docente de PDI con vinculación permanente”*.

A favor do texto: 47 votos  
 A favor da emenda: 23 votos  
 Abstencións: 23 votos

Rexéitanse as emendas aos arts. 7 e 8.1 do Regulamento de profesorado por maioría de votos positivos.

3º). Votación da inclusión de:

Unha Disposición adicional 4ª, cuxo texto di: *“No prazo máximo de 6 meses desde a aprobación do regulamento o Consello de Goberno aprobará a normativa prevista no art. 16.2”*.

Unha Disposición adicional 5ª: *“No prazo máximo de 18 meses deberá estar elaborada e aprobada polo Consello de Goberno a relación de postos de traballo prevista no artigo 4.4 deste regulamento”*.

E unha Disposición adicional 6ª: *“A máis tardar a trinta de xuño de 2013 se aprobará o primeiro programa plurianual previsto no artigo 6.3 deste regulamento”*.

A favor do texto: 41 votos  
 A favor da emenda: 23 votos  
 Abstencións: 30 votos

Rexéitase as emendas de incluír 3 Disposicións Adicionais novas ao Regulamento de profesorado por maioría de votos positivos.

A continuación procédese á votación final do texto.

A favor do texto: 50 votos  
 En contra do texto: 20 votos  
 Abstencións: 27 votos

Apróbase por maioría o Regulamento de profesorado (**Anexo III**).

**Punto 5.** Elección de representantes do estudantado na Mesa do Claustro Universitario.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta de aspectos relacionados co procedemento electoral; di que de acordo con Regulamento do Claustro Universitario hai 2 representantes do alumnado na Mesa do Claustro; que se presentaron 9 candidaturas, das cales rexeitouse unha delas por non levar un suplente, que o substituiría no caso de perder a súa condición de membro da Mesa.

Di que a candidatura rexeitada é a de D. Ángel Alonso González e as candidaturas presentadas que foron admitidas son:

- Amarelle Pereira, Rosa María
- Comesaña González, Brais
- De los Bueis Mellado, Jorge
- Mandayo Fernández, Lorenzo

- Usera Grossi, David
- Vázquez García, Antonio
- Veleiro Pinal, Iván
- Vilariño Sánchez, Manuel

Manifesta que, dado que se presentaron máis candidaturas que postos a cubrir, é preciso celebrar eleccións. Seguidamente, recorda o que o reitor informou sobre o procedemento electoral ao inicio da sesión; serán elixidos os candidatos con máis votos ata o número de postos a cubrir.

Efectuada a votación e o recuento, o resultado e o que segue:

- Amarelle Pereira, Rosa María: 6 votos
- Comesaña González, Brais: 1 voto
- De los Bueis Mellado, Jorge: 2 votos
- Mandayo Fernández, Lorenzo: 14 votos
- Usera Grossi, David: 0 votos
- Vázquez García, Antonio: 1 voto
- Veleiro Pinal, Iván: 3votos
- Vilariño Sánchez, Manuel: 0 votos

A secretaria xeral informa que resultaron elixidos como representantes dos estudantes na Mesa do Claustro:

- Mandayo Fernández, Lorenzo con 14 votos
- Amarelle Pereira, Rosa María con 6 votos

**Punto 6.** Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:

- a). Sector decanos-as/directores-as: 1
- b). Sector PDI-B: 1
- c). Sector estudantes: 8

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen dá conta do procedemento e as candidaturas:

- a). Sector decanos-as/directores-as: 1 vacante.

Informa que se presentaron catro candidaturas, polo que hai que realizar eleccións. As candidaturas presentadas son:

- Prof. Dr. Burghard Baltrausch (Director do Dpto. de Filoloxía Galega e Latina)
- Prof. Dr. Jacinto González Dacosta (Director do Dpto. de Informática)
- Prof<sup>a</sup> Dr. Helena Martínez Hens (Directora do Dpto. de Dereito Privado)
- Prof<sup>a</sup> Dr<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosa Pérez Rodríguez (Decana da Fac. de Filoloxía e Tradución).

A secretaria xeral recorda que, de acordo co Regulamento de réxime interno do Claustro, poderán votar todos os claustrais.

A continuación, a secretaria xeral di que, efectuada a votación e o recuento, os resultados acadados foron:

- Prof. Dr. Burghard Baltrausch (Dir. do Dpto. de Filoloxía Galega e Latina): 0 votos
- Prof. Dr. Jacinto González Dacosta (Dir. do Dpto. de Informática): 22 votos
- Profª Drª Helena Martínez Hens (Dir. do Dpto. de Dereito Privado): 4 votos
- Profª Drª Mª Rosa Pérez Rodríguez (Decana da Fac. de Filoloxía e Tradución): 49 votos.
- Votos en branco: 5

A secretaria xeral informa que resulta elixida membro do Consello de Goberno, polo sector decanos-as/directores/as, a Prfª Dra. María Rosa Pérez Rodríguez (Decana da Fac. de Filoloxía e Tradución).

b). Sector PDI-B: 1 vacante.

A secretaria xeral informa que se presentou unha candidatura por este sector, polo que non procede facer eleccións; a candidatura presentada é a do Prof. Primo Hernández Martín.

A secretaria xeral informa que o Prof. Primo Hernández Martín pasa a ser membro do Consello de Goberno en representación do sector PDI-B.

d). Sector estudantes: 8 vacantes.

A Secretaria xeral informa que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Alonso González, Ángel
- Álvarez Moreira, José Ángel
- Barreiro Rodríguez, Rocío
- Boga Suárez, Sarai
- Buján Santos Jónatan
- Comesaña González, Brais
- De los Bueis Mellado, Jorge
- Feijóo López, José Antonio
- González Bello, Marcos
- Mandayo Fernández, Lorenzo
- Pato Rodríguez, Santiago
- Pérez Traseira, Beatriz
- Usera Grossi, David
- Vázquez García, Antonio
- Vázquez Rodríguez, Uxía
- Vázquez Vázquez, Diego
- Veleiro Pinal, Iván
- Vilariño Sánchez, Manuel

Informa que, dado que se presentaron máis candidaturas que postos a cubrir, é preciso realizar eleccións. E que só poderán votar os estudantes claustrais.

Informa novamente que, de acordo co Regulamento do Claustro, os estudantes só poderán dar o seu voto como máximo ao 70% dos estudantes que deben ser elixidos, é dicir a 6, e, de acordo coas “Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas Comisións Delegadas de Consello de Goberno”, cada elector ou electora poderá votar como

máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, polo que so poderá dar o seu voto, como máximo, a 3 representantes de cada xénero.

Serán elixidos os 8 estudantes que sexan máis votados.

A secretaria xeral informa que, efectuada a votación e reconto, o resultado é o que segue:

- Alonso González, Ángel: 1 voto
- Álvarez Moreira, José Ángel: 1 voto
- Barreiro Rodríguez, Rocío: 9 votos
- Boga Suárez, Sarai: 14 votos
- Buján Santos Jónatan: 7 votos
- Comesaña González, Brais: 13 votos
- De los Bueis Mellado, Jorge: 9 votos
- Feijóo López, José Antonio: 1 voto
- González Bello, Marcos: 3 votos
- Mandayo Fernández, Lorenzo: 8 votos
- Pato Rodríguez, Santiago: 9 votos
- Pérez Traseira, Beatriz: 9 votos
- Usera Grossi, David: 0 votos
- Vázquez García, Antonio: 10 votos
- Vázquez Rodríguez, Uxía: 6 votos
- Vázquez Vázquez, Diego: 11 votos
- Veleiro Pinal, Iván : 2 votos
- Vilariño Sánchez, Manuel: 0 votos

A secretaria xeral informa que os estudantes elixidos para formar parte do Consello de Goberno foron:

- Barreiro Rodríguez, Rocío
- Boga Suárez, Sarai
- Comesaña González, Brais
- De los Bueis Mellado, Jorge
- Feijóo López, José Antonio
- Pato Rodríguez, Santiago
- Pérez Traseira, Beatriz
- Vázquez García, Antonio
- Vázquez Vázquez, Diego

**Punto 7.** Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- Sector estudantes: 1

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen informa que se presentaron sete candidaturas. As candidaturas presentadas son:

- Alonso González, Ángel
- Álvarez Moreira, José Ángel
- De los Bueis Mellado, Jorge
- Mandayo Fernández, Lorenzo
- Usera Grossi, David

- Vázquez García, Antonio
- Vilariño Sánchez, Manuel

A secretaria xeral di que é preciso celebrar eleccións, xa que, de acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector. Recorda que só poderán votar os estudantes.

Efectuada a votación e o recuento, os resultados foron:

- Alonso González, Ángel: 1 voto
- Álvarez Moreira, José Ángel: 1 voto
- De los Bueis Mellado, Jorge: 5 votos
- Mandayo Fernández, Lorenzo: 3 votos
- Usera Grossi, David: 1 voto
- Vázquez García, Antonio: 3 votos
- Vilariño Sánchez, Manuel: 0 votos

A secretaria xeral informa que, en función dos votos emitidos, non se acadou o resultado de 2/3, polo que queda vacante un posto polo sector estudantes no Tribunal de Garantías.

**Punto 8.** Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:

- a). Sector PDI-B: 1
- b). Sector estudantes: 3

O reitor cede a palabra a secretaria xeral que da conta do que segue:

- a). Sector PDI-B: 1 posto

Non se presentaron candidaturas, polo que queda unha vacante neste sector.

- b). Sector estudantes: 3 postos

A secretaria xeral informa que se presentaron sete candidaturas, pero unha delas hai que rexeitala, xa que, de acordo co Regulamento do Claustro, non presenta un suplente. A candidatura rexeitada é a de D. Ángel Alonso González.

As candidaturas admitidas son:

- Barreiro Rodríguez, Rocío
- De los Bueis Mellado, Jorge
- Mandayo Fernández, Lorenzo
- Usera Grossi, David
- Vázquez García, Antonio
- Vilariño Sánchez, Manuel

A secretaria xeral informa que, dado que se presentaron máis candidaturas que postos a cubrir, é preciso celebrar eleccións. De acordo co o artigo 29 do Regulamento do Claustro o alumnado votará un máximo de 2 candidatos dos incluídos na lista do sector e, de acordo coas “Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas Comisións

Delegadas de Consello de Goberno”, cada elector ou electora poderá dar o seu voto, como máximo, a 1 representante de cada xénero. Só poderán votar os estudantes claustrais.

A secretaria xeral informa que, efectuada a votación e o recuento de votos, os resultados foron:

- Barreiro Rodríguez, Rocío: 7 votos
- De los Bueis Mellado, Jorge: 9 votos
- Mandayo Fernández, Lorenzo: 2 votos
- Usera Grossi, David: 0 votos
- Vázquez García, Antonio: 6 votos
- Vilariño Sánchez, Manuel: 0 votos

A secretaria xeral informa que os estudantes elixidos para formar parte da Comisión electoral foron:

- Barreiro Rodríguez, Rocío: 7 votos
- De los Bueis Mellado, Jorge: 9 votos
- Vázquez García, Antonio: 6 votos

#### **Punto 9. Rogos e preguntas.**

Intervén o Sr. Sergio Pajares. Comeza a súa exposición dicindo que comparte co reitor o rexeitamento das medidas de recorte, para pasar a expor as razóns do seu desacordo coa política de persoal seguida pola Xerencia e o equipo de goberno. O concreta nos seguintes aspectos: coa proposta do novo convenio colectivo aplicásenlle recortes laborais e sociais máis alá das reformas legislativas emprendidas polo Goberno; coa nova proposta de RPT de PAS funcionario; e coa posibilidade de introducir medios de control horario. Opina, que a introdución de medios de control horario só para o PAS é unha medida absolutamente discriminatoria, que debe ser para todos os traballadores. Tamén considera que é discriminatorio a esixencia de implantar de forma inmediata a xornada de 37,5 horas semanais de traballo efectivo en cómputo anual para o colectivo de PAS. Solicita, que nas negociacións destas medidas estean presentes os representantes sindicais do PDI.

O reitor di que terá en conta o seu rogo, que queda enriba da mesa e dálle a palabra ao xerente.

Intervén o xerente, manifesta que non comparte o contido da intervención do Sr. Sergio Pajares; que debe dar información veraz e completa; que as Administracións Públicas réxense por normas; e que a Xerencia tamén está en contra das medidas de recorte, pero que a Universidade, como Administración Pública, está obrigada a cumprilas.

En relación ao comentado por D. Sergio Pajares, manifesta que:

- a) A Xerencia remitiu unha nota informativa a responsables de distintas áreas, nas notas figura o número de rexistro e a quen vai dirixidas. Nas mesmas se informa, en relación á xornada de traballo, da entrada en vigor da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012. Nesta norma se fixa a xornada horaria en 37 horas e media a semana, sendo obrigatoria para todas as Administracións Públicas.



Di que so se remitiu aos órganos de representación do PAS, xa que son os únicos que nominalmente disfrutan dunha xornada laboral inferior a establecida pola Lei de Orzamentos. O convenio colectivo en vigor sinala que esta será de 35 horas a semana, sen prexuízo doutras minoracións.

Tamén di, que na nota se establece que para non prexudicar o calendario de vacacións se mantén a xornada durante o período estival e que rematado este, se iniciará un proceso negociador para determinar o modelo a implantar, aínda que estaríamos obrigados a cumprir a nova normativa, pois entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOE. O xerente remata dicindo que hai que dar toda a información.

b) Respecto da proposta de RPT, di que se está no proceso de negociación; que se están a facer propostas e que entende que non está pechado o proceso.

c) Indica, que non comparte que a proposta de convenio colectivo formulada pola Xerencia sexa máis agresiva que as medidas propostas polo goberno; cita exemplos, entre eles: o feito de que na proposta da Xerencia se formulan 7 días por asuntos particulares por cada ano natural de traballo efectivo, que serán 8 no caso do persoal destinado en unidades que carezan de festividade ou patrón propio, sen prexuízo de posteriores crecementos. Recorda que son superiores ás establecidas pola Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Tamén di, que considera que por exercicio de responsabilidade, se debe dicir toda a verdade.

O reitor concede a quenda de réplica ao Sr. Sergio Pajares, quen di que a nota non se enviou aos representantes sindicais da CIG nin aos representantes sindicais do PDI. Ábrese unha discusión entre o xerente e o Sr. Sergio Pajares. O xerente reafírmase no indicado previamente (achégase como **Anexo IV** as comunicacións remitidas) e termina dicindo que, no relativo á xornada, ao igual que noutros aspectos, todas as melloras que ten o PAS laboral e conseguidas co convenio colectivo en vigor, esténdense ao PAS funcionario en virtude do acordo de 24 de maio de 2007 entre a Xerencia da Universidade e o Presidente da Xunta de Persoal Funcionario PAS, e ratificado no Consello de Goberno do 28 de xuño de 2007, pero non ao PDI.

Intervén o Sr. Santiago Pato, representante dos estudantes, para expresar a súa preocupación pola problemática de que a selectividade se siga a realizar no mes de setembro, o que provoca que haxa alumnado de primeiro curso que se incorpora ás clases cando transcorre xa máis dun mes do seu inicio. Sinala, que algo similar acontece cos estudantes que realizan o programa Erasmus cun calendario distinto ao noso, subliñando o prexuízo que isto supón para estes alumnos. Así mesmo, solicita tamén que se trasladase á administración competente a posibilidade de modificar a normativa pola que se conceden as matrículas de honra, algo que axudaría ao alumnado e fomentaría a excelencia. Solicita que os rogos se recollan unidos á acta (**Anexo V**).

Responde o reitor dicindo que, en orde ao problema da tardía incorporación dos alumnos e alumnas procedentes do selectivo que se celebra en setembro, é un problema común a toda a universidade española e están intentando estudar vías de solución.

Respecto da posibilidade de contribuír a soportar a potencial subida de taxas, o Consello de Goberno aprobou unha normativa para fraccionar o pago.

Respecto da proposta de modificación do número máximo de matrículas de honra en función do número de alumnos, di que se fará un estudo técnico.

Intervén o Sr. José Ángel Álvarez Moreira, representante dos estudantes, para preguntar pola comisión de estudantes no Claustro, para elaborar un proxecto de Regulamento de estudantes.

O reitor di que non existe esa comisión de estudantes, que é o equipo de goberno quen está elaborando o proxecto e comunicará con eles para facer consulta; se valorará a necesidade de crear unha comisión.

Intervén o Sr. Ángel Pérez, en representación do colectivo Parga Pondal e Ramón e Cajal, para preguntar se hai unha folla de ruta en relación a este colectivo; que descoñecen cales son os criterios para promover e, de establecerse ditos criterios, suxire que sexa canto antes para dar marxe de manobra.

O reitor contesta que ten a vontade de facilitar a consolidación a través de procesos de concorrencia competitiva; que a lei 20/2012 constitúe unha intromisión na autonomía universitaria; e, aínda que a Universidade de Vigo é solvente economicamente, a Lei paraliza toda a actividade da administración pública; hoxe, por imperativo legal, non se pode actuar. A súa aposta é pola consolidación, pero é preciso consultar e pedir autorización aos órganos competentes para ver cal é a marxe de manobra e as posibilidades de actuación; que, mentres non exista seguridade xurídica para convocar prazas, o reitor non pode adoptar unilateralmente decisións que poidan irrogar consecuencias prexudiciais para os concursantes. O reitor dille que pode ter a seguridade de que vai despregar todos os esforzos necesarios para defender os dereitos da comunidade universitaria, ata onde a Lei o permita.

Intervén a prof. María do Carmo Henríquez, a súa intervención consta no **Anexo VI**. Solicita resposta por escrito.

Finalmente, o reitor comunica o falecemento de D. Gregorio Peces Barba, Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, e solicita que en memoria se garde un minuto de silencio.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 24 de xullo de 2012, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co vº. e pr. do Reitor.

O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>te</sup> Inmaculada Valeije Álvarez